

FISCALÍA DE MEDIO AMBIENTE DE PONTEVEDRA

Asunto: **Recheos ilegais realizados pola empresa ENCE nas súas instalacións de Lourizán.**

D. José Benito Andrade González, co DNI nº 35256847 e enderezo en Pontevedra, na Rúa Eduardo Pondal, 39, 1ºH, teléfono 986855292 e enderezo de correo electrónico bandrade@mundo-r.com; como membro da Asociación pola Defensa da Ría (APDR), e no nome de dita asociación, diante da fiscalía de medio ambiente da Provincia de Pontevedra, desexa denunciar os seguintes feitos,

ANTECEDENTES

A empresa ENCE posúe instalacións industriais dedicadas á fabricación de pasta de papel na marisma de Lourizán, no termo municipal de Pontevedra. O emprazamento da empresa está compartido coa fábrica de cloro e sosa de ELNOSA. Os vertidos de ambas empresas confluiron durante anos nas denominadas balsas de decantación, un sistema de cinco lagoas artificiais nas que os efluentes de ambas industrias se remansaban para permitir que se depositasen no fondo das mesmas algúns dos compoñentes das augas residuais.

As empresas ENCE e ELNOSA foron condenadas en sentenza da Sección Cuarta da Audiencia Provincial de Pontevedra de 8 de novembro de 2002 por delito ecolóxico e delitos de danos. Durante a instrución do procedemento, na fase de dilixencias previas, realízanse diversos estudos para comprobar en que grao, as empresas que constitúen o complexo industrial de Lourizán, están emitir contaminantes que degradan a situación medioambiental e supoñen un perigo para os cidadáns dunha área densamente poboada

A empresa ENCE presentou o 3 de febreiro de 2003, diante do Servizo Provincial de Costas unha solicitude de recheo das balsas de decantación incluídas na parcela de dominio público marítimo terrestre que a empresa ocupa en réxime de concesión en Lourizán; esta solicitude de recheo, presentouse baixo a denominación de "Recuperación de terrenos de las balsas 1, 2, 3, y 4" Este proxecto foi sometido a exposición pública e, durante este período, a APDR presentou, o 1 de xullo de 2004, alegacións ao mesmo facendo notar a elevada perigosidade que implicaría tal actuación dada a elevada carga tóxica presente nos líquidos e nos sedimentos acumulados ao longo de anos no fondo das balsas, o que podería provocar a contaminación de solos e augas de escorrentía, con negativas consecuencias para o medio ambiente e para os cidadáns que habitan no entorno da empresa. Se argumentaba ademais que, o recheo das balsas supoñía unha modificación da concesión inicial de Lourizán. Dado que a autorización para o recheo que pretendía a empresa nunca foi concedida, esta intervención quedou desautorizada.

No ano 2004, ENCE, iniciou a construción, con autorización da Consellería de Medio ambiente, en terreos do complexo industrial, dunha nova depuradora co obxecto de substituír nas súas funcións as balsas de decantación. Dado que o prazo otorgado para construír a citada depuradora terminaba o 31 de decembro do ano 2004, en xaneiro, á vista de que esta aínda non tiña entrado en funcionamento, a Asociación pola Defensa da Ría presentou denuncia diante da Consellería de Medio ambiente por non ter respectado o prazo; en febreiro do ano 2005 a Consellería resposta á APDR que a depuradora tiña entrado en fase de probas. O servizo de imaxes de satélite por Internet *Google earth* ofreceu unha imaxe da zona onde se atopa situado o complexo industrial correspondente a este período a que se adxunta en CD a esta denuncia (Nome de arquivo: Anexo 1); en efecto, nesta imaxe pódese comprobar que as balsas de decantación aínda funcionan xa que aínda están activos os sistemas de aireación das balsas 1, 2 e 3, pero as cubetas da nova depuradora xa conteñen augas residuais do complexo industrial. De aquí pódese deducir que, no momento en que a depuradora se atopa en fase de probas en febreiro de 2005 ou en datas posteriores non existía ningún recheo na balsa de decantación número catro do complexo industrial de Lourizán.

A principios do ano 2007 se constata por parte da APDR que a empresa ENCE ten realizado movementos de terras destinados ao recheo da balsa número 4; aínda que non se pode precisar con exactitude o momento no que tales recheos se realizan, as fotografías tomadas por membros da Asociación dende o exterior do recinto do complexo o 23 de febreiro deste ano (das que se adxunta copia no CD que acompaña a este escrito de denuncia con nome de arquivo Anexo 2 e Anexo 3) amosan que os recheos, que aínda non están cubertos de vexetación nin explanados están feitos moi recentemente. É evidente en calquera caso que se levan a cabo con posterioridade á denegación de autorización para realizalos. En abril deste ano a Asociación presenta denuncia administrativa por estes feitos diante do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra e diante da Consellería de Medio Ambiente (denuncia da que se adxunta copia como Anexo 4)

O 8 de xuño de 2007 a APDR recibe a resolución (da que se adxunta copia como Anexo 5) da Xefe do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra nas que se comunica a decisión de paralizar as dilixencias iniciadas tras a denuncia. Esta decisión baséase nun informe remitido polo Director do Complexo Industrial ENCE S.A., o Señor Félix Pérez Gayol, que asegura que "*En ningún momento se teñen vertido materiais de recheo de ningunha clase ao cubeto*" A pesar de que nas fotos que se inclúen no informe se pode comprobar con claridade a existencia do recheo e de que un informe do persoal de vixilancia do Servizo de Costas, facendo o relato dunha inspección realizada no lugar obxecto da denuncia, expresamente indica que se comproba "*... a existencia de varios vertidos e depósitos de cinzas, procedentes dos fornos da fábrica, sobre un recheo xa existente nunha das balsas de decantación...*" en definitiva, que se comproba que existe un recheo realizado no cubeto número catro, que se atopa provisionalmente cuberto de varios vertidos e que dificilmente pode pasar desapercibido dada a súa grande extensión. A pesar de constatar a presenza do recheo, baixo a xustificación de que este é supostamente "antigo" o Servizo Provincial de Costas decide paralizar as dilixencias iniciadas aceptando por válidos os argumentos da empresa. O Servizo Provincial de Costas adopta unha decisión que resulta sorprendente e oposta a toda lóxica; a pesar de que se constata a comisión de accións ilegais e que revisten do risco dada a elevada toxicidade do contido da balsa, pero prefírese atender aos argumentos de ENCE, unha empresa condenada por delito

ecolóxico continuado e que, tal e como se puido comprobar na tramitación do sumario que concluíu coa condena, ven utilizando dende sempre a mentira como instrumento para evadirse do cumprimento da lexislación. O 25 de xuño, a APDR resposta ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, evidenciando con claridade que o denominado "recheo xa existente" é posterior á denegación de autorización para realizalo; para elo, no escrito de resposta se inclúen, a fotografía de satélite de *Google earth* que permite comprobar que nos primeiros meses de 2005 os recheos non se tiñan realizado aínda, e outra realizada pola APDR (da que se adxunta copia en CD con nome de arquivo Anexo 3) na que se pode comprobar como os recheos son aínda moi recentes o 23 de febreiro de 2007. En efecto, tal e como se pode constatar nesta fotografía do recheo, apréciase que os materiais que o constitúen están recentemente mobilizados xa que aínda non están cubertos de vexetación nin están explanados.

Como o servizo de imaxes de satélite por Internet *Google earth*, acostuma a renovar cada certo tempo as imaxes que ofrece no seu servidor, a principios de 2008, na súa páxina aparece unha imaxe actualizada da zona cunha fotografía tomada nese ano ou a finais de 2007, en calquera caso con posterioridade á posta en funcionamento da depuradora, que tal como se pode comprobar se atopa en actividade (axúntase fotografía de *Google earth* en CD co nome de Anexo 6); esta imaxe actualizada constitúe unha nova e definitiva evidencia de que os recheos da balsa número catro se tiñan producido. A Asociación Pola Defensa da Ría, presenta un novo escrito de denuncia, con data 28 de febreiro, diante do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra e diante da Consellería de Medio Ambiente (do que se adxunta copia como Anexo 7) no que se axuntan as dúas fotografías de satélite, a antiga e a actualizada, para que se poda comparar a situación, unha antes de realizar o recheo pero despois de terlle sido denegada a autorización para levalo a efecto e outra despois de terse realizado o mesmo. No escrito solicitábase que se paralizasen definitivamente os recheos que a empresa estaba a realizar garantindo que non se producise ningún novo de forma clandestina, que se realizase unha avaliación dos danos orixinados, da contaminación causada no entorno, do risco presente e futuro de que se produzan danos ás persoas, aos recursos ou ao medio ambiente como consecuencia da actuación de ENCE. Tamén se solicitaba neste escrito que, dada a gravidade dos feitos, que se puxesen os mesmos en coñecemento da fiscalía de medio ambiente. Solicitábase por último, dado xa que a realización destas actuacións por parte de ENCE supoñía un grave quebranto do condicionado da concesión de dominio público marítimo terrestre e unha infracción grave de acordo co artigo 175 da lei de Costas relativo ás infraccións, que se procedera a poñer fin á concesión de dominio público marítimo terrestre a ENCE e a sancionar á empresa según correspondese. A este escrito, nin a Consellería de Medio Ambiente nin o Servizo Provincial de Costas teñen contestado.

FEITOS

De acordo coas evidencias probatorias que xa se teñen presentado diante das administracións responsables da xestión do medio ambiente e do dominio público marítimo-terrestre, respectivamente a Consellería de Medio Ambiente e de Desenvolvemento Sostible e o Servizo Provincial de Costas, a empresa ENCE ten realizado un recheo parcial da balsa de decantación número catro no complexo

industrial de Lourizán sen autorización e co risco que supón actuar nunha zona que acumula unha forte carga contaminante de mercurio.

No relativo á falta de autorización, esta evidénciase en primeiro lugar polo feito de que a solicitude presentada en forma do proxecto denominado "Recuperación de terrenos de las balsas 1, 2, 3, y 4" non recibiu autorización da Dirección de Costas, o que significa unha denegación de feito do conxunto da actuación e polo tanto, especificamente, do recheo da balsa número catro. Confírmase este feito cando a empresa, diante da denuncia presentada pola Asociación Pola Defensa da Ría e a requirimento do Servizo Provincial de Costas alega, mentindo, asegurando que o recheo non se ten producido; é evidente que en caso de existir algún tipo de autorización a empresa non tería recorrido ao engano e houbera respotado que a actuación era legal.

O feito de que o recheo se ten realizado queda claramente demostrado a través das dúas fotografías tomadas do servizo gratuito de imaxes de satélite por Internet *Google earth*. Aínda que non se pode coñecer a data exacta na que se realizaron, a situación concreta na que se atopaban outras actuacións no complexo permite situalas no tempo de tal modo que se pode asegurar que a primeira das fotografías, na que se comproba que o recheo non se ten realizado, corresponde aproximadamente ao mes de febreiro de 2005, un momento no tempo posterior á presentación da solicitude e a denegación de feito da mesma. A segunda fotografía corresponde probablemente a finais do ano 2007 ou comezos do 2008 e nela pódese apreciar o recheo na balsa número catro que ocupa aproximadamente a metade da superficie da mesma. Queda probado polo tanto de forma clara que a empresa ENCE procedeu, con plena consciencia da ilegalidade e perigosidade da súa actuación, a recheo parcialmente a balsa número catro.

A actuación ilegal levada a cabo pola empresa constitúe un intento por facer desaparecer os depósitos tóxicos que se acumulan no fondo da balsa pola vía do enterramento pero esta acción ilegal implica un risco de contaminación masiva de consecuencias imprevisibles. Os sedimentos acumulados nas balsas catro e cinco estiveron durante moitos anos recibindo o vertido que provinte da empresa ELNOSA, dedicada á fabricación de Cloro e sosa por electrolise con cátodo de mercurio; xa que o colector procedente das instalacións de ELNOSA desembocaba nesta balsa foi en efecto hasta fai poucos anos a receptora de vertidos fortemente contaminados con mercurio e, ao formar o mercurio agregados coa materia orgánica particulada procedente dos vertidos de augas residuais de ENCE e ao depositarse estes agregados por decantación no fondo, unha cantidade importante deste metal pesado quedaba depositado na mesma retido nos sedimentos. Nestas condicións cabe esperar unha elevada acumulación de mercurio nos sedimentos das balsas número catro e cinco, a seguinte no percorrido polas augas residuais antes do seu vertido. Dado que ENCE carece, loxicamente, de autorización para retirar e manipular estes lodos, pódese concluir que toda ou case toda a carga tóxica acumulada ao longo de un período de anos siga presente nas augas e nos fondos da balsa número catro. A toxicidade dos fondos das balsas catro e cinco ven confirmada no informe que realiza o Instituto Nacional de Toxicoloxía e que presenta o 8 de setembro de 2000 dentro das dilixencias previas do procedemento xudicial por delito continuado contra o medio ambiente contra ENCE e ELNOSA que terminou condenando ás dúas empresas en sentenza de 8 de novembro de 2002; neste informe (axúntase copia das páxinas 26 e 27 do mesmo-7675 e 7676 do sumario como Anexo 8) o INT, despois de analizar numerosa información e estudos presentes no sumario conclúe:

“Las balsas, sin embargo, es de esperar que continúen teniendo importantes cantidades de dicho metal (mercurio), y por lo tanto generando un factor de riesgo de verdadera importancia”

Un dos estudos máis detallados dos que figuran no sumario e o “Informe sobre as balsas do complexo ENCE-ELNOSA” de 3 de febreiro de 1996, asinado polo Coordinador de Proxectos de Contaminación Mariña do Instituto Español de Oceanografía, Dr. José González Fernández, do que o Instituto Nacional de Toxicología, no seu informe de 8 de novembro de 2002, destaca a seguinte conclusión (axúntase copia da páxina 56 do informe do INT que recolle esta parte do informe do IEO-páxina 7705 do sumario, como Anexo 9):

“Se estudiaron las características de las balsas, así como los sedimentos de las mismas, especialmente en relación con el mercurio. Se destaca en las mediciones una muy alta contaminación de los sedimentos, especialmente de las balsas 4 y 5, señalando que estas no se encuentran impermeabilizadas. Por los resultados podrían compararse con el nivel de “Contaminación muy elevada” que se recoge en el mismo informe y que correspondería a los fondos portuarios para ser dragados o vertidos. Las cifras alcanzan valores medios de hasta 39.3 mg/kg (balsa 4), o de 155mg/kg (punto 1 de la balsa 5) o de 89mg/kg (punto 2 de la misma balsa), el más próximo al vertido, son extremadamente elevados e indican la elevada contaminación de estos, que habrían de ser tratados con extrema cautela aislándolos en recintos específicos con paredes impermeabilizadas y/o utilización de técnicas de inertización o tratamiento químico”

A empresa ENCE, lonxe de tratar con extrema cautela, illándoos en recintos específicos con paredes impermeabilizadas aos sedimentos da balsa número catro, lonxe tamén de utilizar técnicas de inertización ou tratamento químico, procedeu a rechear a balsa parcialmente con materiais de orixe descoñecido.

Aínda que se descoñecen as condicións precisas nas que se desenvolveron as labores de recheo, hai aspectos claros no relativo á perigosidade da actuación sobre sedimentos fortemente contaminados con formas tóxicas de mercurio; en primeiro lugar ao remover os sedimentos se favorece o paso do mercurio á atmosfera en forma de mercurio reducido o que facilita a súa dispersión. Por outra parte ao añadir máis materiais á balsa e quedar estes contaminados na mestura se incrementa de forma importante o volume de materiais contaminados, sendo posible que os materiais introducidos na balsa cambien as condicións físico químicas dos sedimentos de modo que se incremente o risco de contaminación. Foi a perigosidade dos sedimentos contidos nas balsas de decantación de ENCE a causa máis probable da denegación do permiso do recheo.

Diante destes feitos a Asociación Pola Defensa da Ría solicita a esa Fiscalía de Medio Ambiente:

Que o presente escrito de denuncia se admita a trámite e atendendo aos argumentos contidos se proceda tal e como corresponda en dereito

Que se investiguen as condicións nas que se levaron a cabo os recheos das balsas e, de acordo coa lexislación aplicable se proceda contra os responsables dos mesmos da empresa ENCE SA.

Que se tomen as medidas para tratar de forma axeitada os residuos tóxicos acumulados nas balsas 4 e 5 do complexo industrial de Lourizán acabando así coa perigosidade que tales residuos levan asociada para os cidadáns da zona e para o medio ambiente.

Pontevedra, 28 de outubro de 2008

Asdo.: Benito Andrade González